

Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia

Rúa Dublín, n.6, baixo
CP – 15707, Santiago de Compostela

Á ALCALDÍA- PRESIDENCIA DO CONCELLO DE PORRIÑO

Dona Miriam Rodríguez Sierra, maior de idade e con DNI 34999031T, en nome e representación do **COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA**, con CIF Q1569016G e domicilio na Rúa Dublín, n.6, baixo, CP 15707 de Santiago de Compostela, ante esta alcaldía comparece e DI

Que por medio do presente escrito, vimos a presentar **RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN** fronte ás **BASES DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DUN/HA TRABALLADOR/A SOCIAL, PARA A EXECUCIÓN DE PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL NO DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS** do Concello de Porriño (Pontevedra), en virtude do disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dentro do prazo legal conferido ao efecto e en base aos seguintes

FEITOS

Primeiro.- Por Resolución publicada na páxina web do Concello de Porriño en data de 7 de xullo de 2021, aprobáronse as **Bases do proceso de selección para a contratación dun/ha traballador/a social no departamento de Servizos Sociais.**

Segundo.- A **BASE TERCEIRA** recolle unha limitación na participación da Convocatoria no seguinte sentido: *“Non poderán participar nesta convocatoria, quedando excluídos automaticamente da mesma, as persoas que nun período de trinta meses foran contratadas polo Concello do Porriño durante un prazo ao que sumado a totalidade ou parte do tempo desta contratación puidera resultar máis de 24 meses, con ou sen*

solución de continuidade, para o mesmo ou diferente posto de traballo, mediante dous ou máis contratos temporais (que non sexan contratos formativos, de relevo ou interinidade), sexa directamente ou a través da súa posta a disposición por empresas de traballo temporal, coas mesmas ou diferentes modalidades contractuais de duración determinada (...).”

Entendemos que a Administración Local á cal nos diriximos pretende, a través da inclusión desta Base Terceira, non incorrer en fraude de lei en virtude do disposto no artigo 15.5 do Estatuto dos Traballadores, con todo, a limitación recollida neste precepto, que resulta da translación ao noso ordenamento interno do establecido no Acordo marco da CES, a UNICE e o CEEP sobre o traballo de duración determinada (Directiva 1999/70/CE do Consello, do 28 de xuño de 1999, relativa ao Acordo marco da CES, a UNICE e o CEEP sobre o traballo de duración determinada, a nivel europeo), ten como principal finalidade **“impedir os abusos derivados da utilización de sucesivos contratos de traballo de duración determinada ou de relacións laborais deste tipo”**, para o que dispón a Directiva que *“obrigará aos Estados membros en canto ao resultado que deba conseguirse, deixándolles, con todo, a elección da forma e dos medios”*.

Tanto a Directiva 1999/70/CE como o Acordo marco sobre traballo temporal teñen como finalidade impoñer límites á utilización sucesiva de contratos ou relacións laborais de duración determinada, considerada fonte potencial de abuso en prexuízo dos traballadores e traballadoras, co obxectivo de evitar a situación de precariedade das asalariadas e garantir o seu dereito á estabilidade no emprego, como un compoñente primordial da protección das mesmas.

Na súa virtude, e compartindo a lexítima vontade de non incorrer en fraude de lei na contratación, consideramos que existen outros mecanismos para dar cumprimento efectivo ao mandato legal sen limitar o dereito de acceso en condicións de igualdade ás funcións públicas que recolle o artigo 23.2 da Constitución, como sería proceder a convocar unha praza de carácter fixo, xa que **a contratación temporal só é posible en circunstancias excepcionais, taxadas, e debidamente acreditadas, resultando a contratación fixa o sistema ordinario de relación laboral.**

Terceiro.- A **BASE OITAVA** da convocatoria que recolle a publicación das bases establece que *“As presentes bases publicaranse no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org,*

e un anuncio da convocatoria no Faro de Vigo, computándose o prazo de presentación de solicitudes, en calquera caso dende a publicación no Faro de Vigo”.

Segundo recolle o artigo 6 do Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos/as funcionarios/as da Administración Local, as bases das probas selectivas deberán publicarse no “*«Boletín Oficial» da provincia, no «Boletín Oficial» da Comunidade Autónoma e, no seu caso, noutros diarios oficiais ou no xornal oficial da Corporación interesada”.*

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, atribúe a cada Corporación Local a competencia para a selección do seu persoal, reservando á Administración do Estado o establecemento das regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o proceso. En uso desa atribución, aquelas normas do Real Decreto 896/1991 que definan regras esenciais e programas mínimos, revestirán carácter básico a efectos do previsto no artigo 149.1.18 da Constitución Española. A Disposición Final Primeira do Real Decreto 896/1991 sinala que o artigo 6 non constitúe norma básica e a súa aplicación terá carácter supletorio respecto da lexislación específica das CCAA.

O artigo 49 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, establece: “*As administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei seleccionarán ao persoal ao seu servizo de conformidade cos principios seguintes: c) **Publicidade das convocatorias e das súas bases**”.*

Pola súa banda, o artigo 58 regula as convocatorias dos procesos selectivos, indicando no seu apartado cuarto que “*4. **As convocatorias e as súas bases publicaranse no diario oficial correspondente** e vinculan á Administración pública convocante, aos órganos de selección e ás persoas que participan no proceso selectivo”.*

En conclusión, visto o disposto na Lei 2/2015, resulta imprescindible a publicación da convocatoria e bases dos procedementos selectivos no Boletín Oficial correspondente, non resultan suficientes os medios dispostos na base impugnada para dar cumprimento ao principio de publicidade.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

- I- O acto que se impugna pon fin á vía administrativa podendo ser obxecto de Recurso Potestativo de Reposición.
- II- O órgano competente para resolver é o mesmo órgano que ditou o acto que é a Alcaldía do Concello de Porriño.
- III- O recurso interponse dentro do prazo legal establecido dun mes.
- IV- O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia goza de lexitimación para interpor este recurso administrativo ao tratarse dunha corporación de dereito público de base privada asociativa que ten recoñecida a defensa dos intereses das e dos profesionais que o integran tal e como recolle o artigo 6 dos seus Estatutos (Decreto 47/2017, do 27 de abril, polo que se aproban os estatutos e a modificación da denominación do Colexio Oficial de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais de Galicia por Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia).

Polo o exposto,

SOLICITAMOS, Que tendo por presentado este escrito, sírvase admitilo, e téñase por interposto en tempo e forma **RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN** fronte as Bases do proceso de selección para a contratación dun/ha traballador/a social no departamento de Servizos Sociais do Concello de Porriño, ditando no seu día Resolución pola que se declare a NULIDADE da BASE OITAVA en virtude dos argumentos expresados no corpo do presente escrito.

Santiago de Compostela, 5 de agosto de 2021



Dña. Miriam Rodríguez Sierra

Presidenta do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia